

# INSTRUCCIÓN +CONCILIA BARREIROS

## Lista de difusión

O **teléfono** de contacto de coordinación de +Concilia Barreiros é **680.913.904**. Atenderáanse as dúbidas ou consultas de luns a venres.

A organización fará as **comunicacións** coas familias a través dunha **lista de difusión de Whatsapp**. Para poder recibir as mensaxes será **preciso gardar** na axenda o **contacto do número de teléfono** da coordinación do campamento. Será incluído na lista de difusión o número de contacto indicado para tal fin na folia de inscrición.



## Lugar de desenvolvemento

As actividades +Concilia desenvolveráanse de luns a venres no **CEIP San Cosme de Barreiros**.

As saídas ou actividades programadas que precisen desprazamento por *cambio de ubicación*, serán comunicadas con antelación. Serán as familias quen acheguen e recollan ás crianzas no punto de encontro previamente informado.



## Dispositivos e xoguetes

**Prohíbese** o uso de **dispositivos electrónicos** de todo tipo durante o desenvolvemento das actividades +Concilia (móviles, cámaras, reloxos intelixentes, tablets,...). De ser detectados, serán retirados e entregados á *persoa que acuda recoller á crianza*.

**Prohíbese** levar **xoguetes ou xogos** do domicilio, no caso de acudir con eles a *organización non se fai responsable dos mesmos e poderá proceder á súa retirada*.



## Indumentaria

Tense previsión da entrega dunha **camiseta** como agasallo de cortesía para cada crianza. Naquelas **actividades** que así **se requira**, o uso desta camiseta será **obrigatorio** coa finalidade de facilitar a labor de vixianza e control.

**Recoméndase** que cada crianza traia unha **gorra** (con nome) e **crema solar** (*posta do domicilio*).

Se a familia o considera preciso, poderán traer unha muda de reposto nunha mochila.

**Recoméndase** que as **prendas exteriores** (chaquetas, sudaderas,...) traian o **nome** ou etiqueta identificativa.



## Comportamento

Calquera tipo de comportamento violento, tanto físico como psíquico, ou calquera situación que suceda nas actividades +Concilia por parte dalgunha crianza, que inflúa negativamente no desenvolvemento das actividades, poderá conllevar unha advertencia por parte da coordinación e/ou monitorado; podendo tomar a decisión de non participación desa crianza nalgunha actividade concreta ou na totalidade das actividades +Concilia, en función da gravidade dos feitos.

## Almorzos

Cada crianza deberá levar unha mochila ou bolsa de merenda coa súa **botella de auga** (con nome) e un **petisco** para media mañá.

## Faltas de asistencia

**Prégase se comunique** no teléfono de coordinación ou ao monitorado as **faltas de asistencia** das crianzas.

A **non asistencia** durante **máis de dous días seguidos ou catro alternos sen comunicación** da mesma, supón unha **baixa de oficio** (que se comunicará por teléfono), **pasando automaticamente o final da lista de agarda nos restantes períodos** nos que estivese inscrita (xuño, xullo, agosto e setembro), e cubrindo dita praza coas persoas da lista de agarda. **Neste caso non se procedera á devolución das taxas abonadas**

